XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Xacobeo 21·22

ACTA DO PLENO DO CONSELLO AGRARIO GALEGO REUNIDO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA 29 DE XULLO DE 2022

Data: 29.07.2022
Hora da 1ª convocatoria: 9.15 h
Hora da 2ª convocatoria: 9.30 h
Lugar: Sala Colmeiro da EGAP

Orde do día

1 Anteproxecto de Lei de calidade alimentaria de Galicia.

2 Rogos e preguntas

ASISTENTES

José González Vázquez (Conselleiro do Medio Rural), presidente

José Luis Cabarcos Corral (Director xeral de AGACAL), vogal.

Manuel Rodríguez Vázquez (Director xeral de Defensa do Monte), vogal.

Nicasio Mejuto Martí, subdirector xeral de Explotacións Agrarias, vogal suplente.

Sonia Piñeiro Saa (Subdirectora xeral de Servizos Sociais e Comunitarias e Xestión Económica da Consellería de Política Social), vogal suplente.

Isabel Villalba Seivane, Sindicato Labrego Galego, vogal.

María Carmen Ferreiro Santos, Sindicato Labrego Galego, vogal.

CVE: LWsMGe7ELX47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Ana Rodríguez Vázquez, Sindicato Labrego Galego, vogal.

Diego Sánchez Agra, Sindicato Labrego Galego, vogal.

Roberto García González, Unións Agrarias-UPA, vogal.

Félix Porto Serantes, Unións Agrarias-UPA, vogal.

Javier Iglesias Fernández, Unións Agrarias-UPA, vogal.

Marta Forés Lojo (Subdirectora Xeral de Réxime Xurídico), secretaria.

DELEGAN COMPETENCIAS

Belén Mª Do Campo Piñeiro (Directora Xeral de Patrimonio Natural), vogal.

Encarnación Rivas Díaz (Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo), vogal.

José Luís Chan Rodríguez (Director xeral de Panificación e Ordenación Forestal), vogal.

Pablo Casal Espido, secretario xeral técnico da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Silvestre José Balseiros Guinarte (Director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias), vogal.

APERTURA DA SESIÓN

O Presidente do Consello Agrario Galego abre a sesión ás 9.30 horas.

CVE: LWsMGe7ELX47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ORDE DO DÍA

1 Anteproxecto de Lei de calidade alimentaria de Galicia

2 Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS E ACORDOS

1 Anteproxecto de Lei de calidade alimentaria de Galicia.

O presidente do Consello Agrario Galego informa aos membros do consello de que unha das finalidades primordiais da Lei de calidade alimentaria de Galicia é a de impulsar a calidade alimentaria diferenciada de Galicia. O anteproxecto de lei ofrece unha regulación normativa que permite a promoción destes produtos e implica unha maior capacidade de comercialización das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.

O presidente salienta a necesidade de reforzar as estruturas dos consellos reguladores, a necesidade de dotarlle de ferramentas para afondar desde o punto de vista da promoción dos seus produtos.

Nas materias de viño, leite e carne a Consellería do Medio Rural promoveu unha serie de Estratexias de mellora e os consellos reguladores deben ir aliñados nas súas actuacións coas ditas estratexias.

O presidente do consello salienta, así mesmo, a regulación da sostibilidade que contén o anteproxecto de lei. Trátase da primeira lei que acomete a regulación do certificado de sostibilidade. A sostibilidade desenvólvese en 3 ámbitos fundamentais: o medioambiental, o social e o económico. Por isto é preciso configurar un concepto de sostibilidade que abarque estes 3 ámbitos.

José Luis Carbarcos, en calidade de director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e membro do Consello Agrario Galego, comeza a súa intervención indicando que a actual regulación nesta materia contense na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade

CVE: LWsMGe7ELX47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

alimentaria galega. Desde o ano 2005, ano da súa entrada en vigor, sucederon moitos cambios, mesmo na propia normativa comunitaria. Tras eses anos de aplicación da lei e de aprendizaxe resulta preciso afrontar unha serie de cambios.

A continuación o director de AGACAL fai unha presentación, en soporte power point, sobre o proxecto de Lei de calidade alimentaria de Galicia.

A presentación estrutúrase da seguinte forma:

- Inicio da tramitación
- Obxectivos
- Principais contidos
- Novidades destacables
- Catálogo de infraccións
- Actualización do marco normativo
- Estrutura da lei
- Resumo do contido de cada título

Achégase como anexo desta acta a presentación realizada.

O director da AGACAL informa de que se remitirá aos membros do Consello Agrario Galego a presentación realizada e un enlace co anteproxecto de lei que fora colgado en transparencia ao inicio da súa tramitación. O enlace é o seguinte:

https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/pendente-de-aprobacion/-/nt/0603/anteproyecto-ley-calidad-alimentaria-galicia

Neste punto intervén Isabel Villalba Seivane, representante do Sindicato Labrego Galego e vogal do Consello e indica o seguinte:

Que na definición de persoa operadora alimentaria do artigo 2 do anteproxecto de lei prevese que "o concepto de persoa operadora alimentaria exclúe ás persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións de produción primaria, excepto no suposto dos rexistrados en denominacións xeográficas e outras figuras de protección da calidade diferenciada respecto das obrigas inherentes á súa pertenza

CVE: LWsMGe7ELX47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

a estas" e que non comparte tal exclusión.
Ricardo Rivas Barros intervén e explica que a Lei de calidade alimentaria non estende o seu ámbito de aplicación ás persoas titulares de explotacións de produción primaria, dado que estas persoas xa están suxeitas a unha lexislación específica que se contén en diversas normas, como son a Lei de sanidade animal, a Lei de benestar animal, etc... Non obstante, sí que se prevé a aplicación do anteproxecto de Lei de calidade alimentaria ás persoas operadoras que sexan titulares de explotacións de produción primaria no suposto de que se trate de persoas rexistradas en denominacións xeográficas e outras figuras de protección da calidade diferenciada, pero que esta aplicación normativa é exclusivamente para os efectos das obrigas inherentes á súa pertenza a estas denominacións ou IXPs, por tratarse dunha materia propia e específica desta lei.

Isabel Villalba Seivane retoma a palabra e manifesta que debe apoiarse a proximidade. Non obstante, no anteproxecto de lei, tendo en conta a configuración que se fai da definición de circuíto curto, identificase a proximidade coa existencia dunha soa intermediación. Porén debería terse en consideración como elemento definidor a existencia dun pequeno ámbito territorial no comercialización.

Ricardo Rivas intervén e manifesta que o artigo 4 do anteproxecto de lei define como "Circuíto curto de comercialización" a "Cadea de subministración formada polo trato directo, ou como máximo cun intermediario, entre o produtor e o consumidor final ou, no caso dos produtos pesqueiros e acuícolas, entre a lonxa ou establecemento autorizado de primeira venda e o consumidor final. Para estes efectos, non se considerarán intermediarias as entidades asociativas de produtoras e produtores, baixo calquera fórmula xurídica, constituídas ou que se constitúan para a comercialización en común de produtos alimentarios. A comercialización mediante estes circuítos curtos implica a operadores comprometidos coa cooperación, o desenvolvemento económico local e a sustentabilidade ambiental".
E que tal definición está ligada aos produtos de proximidade.

José Luis Carbarcos intervén e manifesta a que a definición de 'Circuíto curto' é correcta, pero que debería revisarse a posibilidade de engadir a maiores medidas de proximidade.

Isabel Vilalba volve a intervir e manifesta que é preciso respectar os sistemas oficiais de pegada de carbono, pero vinculada á proximidade e ao territorio.

O presidente do Consello Agrario Galego salienta a conveniencia de revisar o texto da norma para garantir o fomento da proximidade na

CVE: LWsMGe7ELX47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

comercialización dos produtos alimentarios.
Isabel Villalba Seivane volve a tomar a palabra e manifesta que, respecto das funcións de AGACAL o anteproxecto de lei regula a competencia de control e certificación de produtos de artesanía alimentaria e o asesoramento aos consellos reguladores máis pequenos, pero non regula o control e certificación no caso dos consellos reguladores máis pequenos.

Ricardo Rivas toma a palabra e manifesta que os consellos reguladores de maior tamaño efectúan o control e certificación por delegación, e no caso dos consellos reguladores máis pequenos, sen capacidade de realizar tales funcións será AGACAL, como ata o de agora, quen desenvolve estas funcións.

Isabel Vilalba intervén e manifesta que no tocante ao réxime sancionador, considéranse moi elevadas as sancións que se regulan e que no caso das infraccións por non respectar as actuacións do persoal inspector debe revisarse a infracción moi grave que cualifica como tal: "d) Os insultos, as coaccións, ameazas, inxurias, represalias, agresións ou calquera outra forma de presión ao persoal da administración e dos consellos reguladores que realiza funcións de inspección e ás persoas instrutoras dos expedientes sancionadores".

Neste punto intervén Marta Forés e manifesta que as sancións veñen determinadas pola normativa estatal básica que se contén na Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria e que estamos suxeitos a tal norma polo seu carácter básico. No anteproxecto de lei regúlanse infraccións cualificadas como leves, graves e como moi graves nos casos nos que se impida, dificulte, dane ou coaccione ao persoal inspector e esa cualificación depende da gravidade da infracción cometida, sen prexuízo da posible revisión do texto do anteproxecto.
Tanto a cualificación da infracción como a sanción que se impón nos expedientes é analizada polo persoal xurídico caso a caso e tendo en consideración as actas de inspección e os informes técnicos que constan nel. E atendendo ás circunstancias concorrentes pode incrementarse ou minorarse a sanción.

Ricardo Rivas puntualiza que o anteproxecto de lei de calidade alimentaria -como xa sucedía na redacción da Lei 2/2005- prevé a facultade de minoración da sanción cando esta resulte excesivamente onerosa,

CVE: LWsMGe7ELX47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

atendendo as circunstancias do caso.
Isabel Vilalba toma de novo a palabra e manifesta en relación ao sistema dixital e rastrexabilidade que no anteproxecto regúlase un rexistro de datos compartido con outros operadores e que non ten moi claro que se poida abordar estas esixencia ou se podería supoñer unha vulneración da normativa.

O presidente do Consello Agrario Galego toma a palabra e indica que este sistema aplícase aos puntos de trazabilidade desde o principio ao fin. Trátase de afrontar a trazabilidade con blockchain e mecanismos que garantan a veracidade dos datos e que a captura deses datos se produza de forma automática, empregando a tecnoloxía. Compartiríanse os datos entre as persoas que participan na cadea de valor. Se hai sistemas dixitais en orixe este sistema de trazabilidade é posible. A trazabilidade obtense mediante a captura de datos automática en orixe.

José Luis Carbarcos puntualiza que, ademais, este sistema suporía unha mellora das estatísticas.

Isabel Vilalba manifesta as súas dúbidas sobre a súa posible implementación e Ricardo Rivas manifesta que a regulación deste sistema é facultativa, sempre que se dispoña dos medios para iso. Trátase dun sistema de sensores moi innovador e concreto, pero non ten carácter obrigatorio.

O presidente do Consello Agrario manifesta que esta lei é moderna e innovadora e que ten que conter tamén a innovación e mellora nos sistemas de trazabilidade.

Isabel Vilalba toma a palabra a manifesta que o artigo 26.1 prevé, ao regular o Rexistro Industrial de Galicia, que "As persoas operadoras alimentarias que participen nas fases de transformación, envasado e/ou etiquetaxe, deberán inscribir as actividades que desenvolvan e as súas instalacións no Rexistro Industrial de Galicia, segundo as condicións e coas exencións que se establezan regulamentariamente". Manifesta que podería revisarse esta redacción e que non ten porqué ser "envasado e/ou etiquetado". Tamén manifesta as súas dúbidas sobre a redacción do "Produto alimentario tradicional".

Ricardo Rivas indica que a definición que se recolle no anteproxecto está

CVE: LWsMGe7ELX47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

baseada no Regulamento comunitario que regula esta materia, polo que semella ser axeitada.

2 Rogos e preguntas

O presidente do Consello Agrario Galego, manifesta que, pese a que na tramitación do anteproxecto xa se concedeu con anterioridade un trámite de audiencia ás organizacións profesionais agrarias, á vista das suxestións efectuadas no seo do Consello Agrario Galego resulta axeitado que, de consideralo conveniente, remitan á Consellería as súas alegacións e suxestións, que serán analizadas e tomadas en consideración. Informa de que lles será facilitado o enlace do texto que figura en transparencia e tamén a presentación que realizou nesta sesión o director de AGACAL.

Ás 12.00 horas dáse por concluída a sesión, e a Presidencia a levanta e eu redacto esta acta en calidade de secretaria,

A secretaria do Consello Agrario Galego

CONFORME

O presidente

Asinado por: GONZALEZ VAZQUEZ, JOSE
Cargo: Conselleiro
Data e hora: 12/09/2022 10:30:15

Asinado por: FORÉS LOJO, MARTA
Cargo: Subdirectora Xeral de Réxime Xurídico
Data e hora: 09/09/2022 09:30:09

CVE: LWsMGe7ELX47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve